

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

ANUNCIO do 13 de xullo de 2020, da Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol, polo que se dá publicidade da resolución da mesma data pola que se convoca a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 do outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, e pola Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a convocatoria, para a súa provisión, polo sistema de avaliación colexiada, dun posto de xefe/a do Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía da Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol.

Segundo. As bases da citada convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios de Recursos Humanos, sito na planta baixa do Hospital Arquitecto Marcide, asemade na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro. As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse no Rexistro da Área Sanitaria de Ferrol, dirixidas ao xerente da área sanitaria, no prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o seguinte ao da data da publicación do anuncio da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ferrol, 13 de xullo de 2020

Ángel Facio Villanueva
Xerente da Área Sanitaria de Ferrol

ANEXO

Denominación do posto: xefe/a do Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía.

Requisitos: posuír a condición de persoal estatutario fixo na categoría de persoal licenciado sanitario na especialidade de obstetricia e xinecoloxía, en situación de servizo activo en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, ou ser titular de praza vinculada docente-asistencial na mesma especialidade, e acreditar un mínimo de tres anos de experiencia profesional na súa categoría profesional en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou desempeñando praza vinculada docente-asistencial.

Procedemento de provisión: avaliación colexiada.

Institución: Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol.

